



**NORMATIVA POLA QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A SELECCIÓN DE  
PERSONAL DOCENTE E INVESTIGADOR INTERINO E LABORAL CONTRATADO  
(APROBADA POLO CONSELLO DE GOBERNO DO 30 DE ABRIL DE 2014)**

**1. NORMAS XERAIS**

Os concursos para a provisión de prazas de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, rexeranse polas bases da correspondente convocatoria e polo disposto na normativa seguinte:

- Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril)
- Decreto autonómico 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002)
- Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galicia do 13 de maio de 2004 (DOG do 26 de maio de 2004) e modificados por Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG do 17 de outubro)
- II Convenio colectivo para o persoal docente e investigador laboral das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo (DOG 14 de abril de 2011). Prorrogado por Resolución do 12 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social (DOG 29 de xullo de 2013)
- Os acordos do Consello de Goberno aplicables á convocatoria
- A restante normativa de aplicación xeral

**2. CONVOCATORIA E PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES**

2.1. A convocatoria do concurso definirá a praza polo nome da súa área de coñecemento, indicando o departamento a que corresponde. Así mesmo, especificará a/s titulación/s necesaria/s, de ser o caso, e as actividades docentes que realizará quen obtiver a praza, referidas, se é o caso, a unha ou varias materias das que se cursen para a obtención de títulos oficiais. Esta docencia non será vinculante para o encargo docente posterior.

2.2. As solicitudes para tomar parte no concurso presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos rexistros auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro), e utilizarase o modelo oficial que se facilitará na Reitoría, na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade. O modelo de currículo estará dispoñible na páxina web da Universidade.

2.3. Presentarase a solicitude e o currículo, co resto da documentación xustificativa, por cada unha das prazas a que se aspire.

2.4. O prazo de presentación das solicitudes non poderá ser inferior a dez días hábiles, agás nas prazas de urxencia que, de non se sinalar outro prazo na convocatoria, será de 5 días hábiles.

**3. REQUISITOS**

Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos no derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes.

3.1 Requisitos de carácter xeral:

- a) Ter cumprido os dezaioito anos e non ter cumprido a idade de xubilación
- b) Estar en posesión do título académico esixido para cada figura. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do Estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo ministerio con competencias en educación. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión de profesor de universidade.



- c) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impedir o desempeño das funcións
- d) Non ter sido separado/a do servizo, nin inhabilitado/a para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, do 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades
- e) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu estado, o acceso á Función Pública

Os requisitos c), d) i e) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

### 3.2 Requisitos específicos para cada figura:

#### 1. Axudantes:

- Estar admitidos ou en condicións de ser admitidos nos estudos de doutoramento, segundo o establecido no Real decreto 99/2011, do 28 de xaneiro e no Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade da Coruña (UDC)
- Que non transcorresen máis de oito anos desde a data de finalización da titulación esixida no punto 3.1 b)

#### 2. Profesor/a axudante doutor/a:

- Estar en posesión do título de doutor/a.
- Avaliación previa positiva para a categoría de axudante doutor/a da súa actividade por parte da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia

#### 3. Profesores/as contratados/as doutores/as:

- Estar en posesión do título de doutor/a.
- Avaliación previa positiva para a categoría de profesor/a contratado/a doutor/a da súa actividade por parte da Agencia Nacional de Evaluación de la Calidad y Acreditación (ANECA), da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) ou, de ser o caso, outro órgano de avaliación que leis doutras comunidades autónomas determinaren, sempre que exista convenio ou concerto previo coa Comunidade Autónoma de Galicia

#### 4. Profesores/as asociados/as:

- A contratación de profesoras e profesores asociados axustarase ás seguintes regras:
  - a) O contrato poderase realizar con especialistas de recoñecida competencia que acrediten exercer a súa actividade profesional fóra do ámbito académico universitario. Esta actividade profesional deberá estar directamente relacionada cos contidos da actividade docente para desenvolver que figurarán especificados na convocatoria e ser desenvolvido por un período mínimo de dous anos ao longo dos cinco últimos con referencia á data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.
  - b) A finalidade do contrato será a de desenvolver tarefas docentes a través das que se acheguen os seus coñecementos e experiencia profesionais á universidade.
  - c) O contrato será de carácter temporal e con dedicación a tempo parcial.
  - d) A duración do contrato será trimestral, semestral ou anual, e poderase renovar por períodos de igual duración, sempre que se siga acreditando o exercicio da actividade profesional fóra do ámbito académico universitario.

#### 5. Profesores/as titulares interinos/as

- Reunir os requisitos de titulación previstos nos artigos 12 e 13 do Real decreto 1312/2007, do 5 de outubro, polo que se establece a acreditación nacional para o acceso aos corpos docentes universitarios (BOE do 6 outubro de 2007)

#### 4. DOCUMENTACIÓN

4.1. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán a súa solicitude cos seguintes documentos:

- a. Copia do DNI ou documento equivalente
- b. Copia compulsada ou legalizada do título académico esixido para cada figura ou certificación que acredite o pagamento dos dereitos para a súa expedición. Caso de realizar os seus estudos fóra do Estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo ministerio con competencias en educación. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixida ao exercicio da profesión de profesor de universidade
- c. Xustificante do pagamento das taxas
- d. Documentos acreditativos dos méritos na forma que se indica no currículo

4.2. Os documentos que constitúan o currículo do/a concursante presentaranse encadernados e foliados, cunha declaración responsable do número de páxinas.

#### 5. RELACIÓN DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS

5.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días hábiles, publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade, Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da Universidade, con mención expresa do nome e apelidos e, se for o caso, das causas de exclusión.

5.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días hábiles, que conta a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido este prazo, o reitor ditará resolución que declare aprobada a lista definitiva de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

5.3. De acordo co previsto no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro, estas publicacións substituirán a notificación persoal ás persoas interesadas e producirán os mesmos efectos que a notificación persoal.

#### 6. COMISIÓNS DE SELECCIÓN

6.1. De acordo co previsto no art. 13.2. do Decreto 266/2002, do 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario, as comisións de selección estarán formadas por cinco profesores con titulación, categoría e dedicación igual ou superior á sinalada para ocupar a praza convocada<sup>1</sup>.

6.2. Ademais, formará parte da comisión de selección un membro proposto pola representación dos traballadores sempre e cando sexa designado no prazo de dez días hábiles desde a notificación por parte da universidade, rematado este prazo se a designación non tivese lugar, decaerá neste dereito. Este membro actuará con voz e sen voto.

6.3. Segundo o art. 83 dos Estatutos da UDC, as comisións de selección do persoal docente e investigador contratado estarán presididas polo/a decano/a ou director/a do centro e formarán parte destas o/a director/a do departamento a que se adscriba a praza, que actuará como secretario/a, e tres membros da área de coñecemento da praza obxecto do concurso, nomeados polo Consello de Goberno a partir dunha proposta de cinco membros, realizada polo Consello de Departamento, sendo funcionario, polo menos, un deles.

---

<sup>1</sup> Poderán formar parte das comisións de selección de contratación os seguintes profesores:

- a) Prazas de titular de universidade interino/a: catedráticos/as de universidade, titulares de universidade, catedráticos/as de escola universitaria
- b) Prazas de contratado/a doutor/a: ademais dos sinalados no apartado a), os/as profesores/as contratados/as doutores/as
- c) Prazas de axudante doutor/a: ademais dos sinalados no apartado b), os/as titulares de escola universitaria doutores/as, axudantes doutores/as, colaboradores/as doutores/as e os/as contratados/as interinos/as de substitución a tempo completo doutores/as
- d) Nas prazas de axudante: todos/as os/as profesores/as a tempo completo
- e) Prazas de asociado/a e contratado/a interino/a de substitución: todos/as os/as profesores/as



De non existir número suficiente de profesores na área que reúna os requisitos sinalados no apartado 6.1, designaranse profesores das áreas afíns que establece o anexo II desta normativa. No caso de persistir a insuficiencia, serán designados por sorteo profesores e profesoras das áreas con docencia no centro por teren materias obrigatorias ou de formación básica nos plans de estudo.

Da mesma maneira, deberán nomearse os membros suplentes das comisións, en previsión dos supostos a que se refire o artigo seguinte.

6.4. O nomeamento como membro dunha comisión é irrenunciable, agás cando concorra causa xustificada que impedir a súa actuación como membro dela. Neste caso, a apreciación da causa alegada corresponde ao reitor, que deberá resolver, nun prazo de tres días hábiles, que conta desde a recepción da renuncia e procederase á substitución pola persoa suplente.

De calquera xeito, os membros das comisións en que se dea algunha das causas sinaladas no art. 28 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común do 26 de novembro de 1992 (BOE do 27 de novembro) deberán absterse de intervir e comunicaranllo ao reitor para a designación do/a suplente no prazo de tres días hábiles sinalado no parágrafo anterior.

6.5. Nos casos de ausencia ou causa xustificada que impidiren a actuación do/a presidente/a da comisión, este/a será substituído/a polo/a vicedecano/a, subdirector/a ou profesor/a do centro de maior categoría e antigüidade. O/a secretario/a será substituído/a polo/a profesor/a do departamento de maior categoría e antigüidade<sup>2</sup>. O resto dos membros serán substituídos polos seus respectivos suplentes. Esta circunstancia deberá ser comunicada polo/a presidente/a da comisión ao reitor co fin de nomear o/a suplente no prazo de tres días hábiles.

6.6. A composición das comisións de selección publicarase na resolución que aprobe as relacións definitivas de persoas aspirantes admitidas e excluídas ao concurso.

Os membros das comisión de selección de prazas da categoría de profesor/a contratado/a doutor/a percibirán as indemnizacións establecidas no Decreto 144/2001, do 7 de xuño, sobre Indemnizacións por razón do servizo ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia.

6.7. Nas comisións de selección procurarase unha composición equilibrada entre mulleres e homes, agás que non sexa posible por razóns fundadas e obxectivas debidamente motivadas.

6.8. A selección efectuarase con respecto aos principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade. Considerarase mérito preferente, seguindo o disposto no art. 48 da Lei orgánica 4/2007, estar acreditado/a para participar nos concursos de acceso aos corpos docentes universitarios segundo o disposto na presente norma.

## **7. ACTUACIÓN DAS COMISIÓNS**

7.1. Unha vez publicada a relación definitiva de persoas aspirantes e a composición da comisión, o/a presidente/a desta procederá, no prazo de dez días hábiles, a convocala e constituíla.

Se por causa xustificada a comisión non se puidese reunir no referido prazo de dez días hábiles, que conta desde a publicación da relación definitiva, o/a presidente/a deberá sinalar a data concreta da reunión dentro dos sete días hábiles seguintes, que publicará no taboleiro de anuncios do centro cunha antelación mínima de dous días hábiles.

7.2. Transcorridos os prazos antes indicados sen que se constituía a comisión, o reitor procederá a nomear un/unha novo/a presidente/a.

7.3. A comisión actuará sempre no centro a que pertenza o/a presidente/a.

---

<sup>2</sup> A orde de categorías en relación coa substitución do/a presidente/a e secretario/a das comisións de selección será:

1. Catedrático/a de universidade
2. Titular de universidade e catedrático/a de escola universitaria
3. Titular de escola universitaria e profesor/a contratado doutor

A antigüidade entenderase sempre referida ao tempo de permanencia na UDC na categoría de que se trate



7.4. As comisións quedarán validamente constituídas coa presenza de cando menos catro dos seus membros con dereito a voto, entre os que debe estar o/a presidente/a e o/a secretario/a.

7.5. No mesmo acto de constitución, a comisión establecerá os criterios de avaliación, dentro dos límites establecidos polo baremo sinalado nesta normativa que, en calquera caso, terán en conta os principios de mérito e capacidade das persoas aspirantes.

Os criterios publicaranse no taboleiro do centro e na web da Universidade. Unha vez publicados, os membros da comisión poderán acceder á documentación presentada que até ese momento permanecerá precintada baixo a custodia do presidente.

Con carácter xeral, a comisión poderá avaliar os diferentes apartados do baremo atendendo á adecuación dos méritos dos candidatos ao perfil da praza.

7.6. Os acordos das comisións, que serán sempre motivados, adoptaranse por maioría. No caso de empate decidirá o voto de calidade do/a presidente/a.

## **8. PROPOSTA DE NOMEAMENTO OU DE CONTRATACIÓN**

8.1. As comisións redactarán unha acta en que se reflectirá a puntuación acadada por cada un/unha dos/as concursantes, seguindo todos e cada un dos apartados do baremo que se establece no anexo I da presente normativa.

Incluirase un informe do representante sindical que, no caso de ser desfavorable, debe de estar motivado.

8.2. Seguidamente, formularán a súa proposta de resolución, en que figurará a persoa candidata ou candidatas seleccionadas por orde de puntuación.

8.3. Se a comisión considerar que ningunha das persoas aspirantes admitidas reúne os méritos suficientes para desempeñar a praza obxecto de concurso, poderá propoñer a non provisión da praza, xustificando detalladamente, á vista do baremo establecido, as causas que motivan tal proposta.

8.4. Esa proposta de resolución publicarase no taboleiro de anuncios do centro e na web da Universidade xunto coa acta das cualificacións e concederáselles a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días hábiles, que conta a partir da publicación, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

8.5. As reclamacións deberán ser dirixidas ao/á presidente/a da comisión e entregadas no rexistro do centro en que aquela actúe, no Rexistro Xeral da UDC ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992. No caso de presentarse a reclamación nun rexistro público alieo a esta universidade, o/a interesado/a deberá comunicalo á UDC por correo electrónico ou por fax dirixido ao Servizo de Persoal Docente e Investigador. Os enderezos figuran na páxina web da Universidade.

8.6. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o/a presidente/a da comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, para os efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

8.7. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a comisión encargada de vulgar a praza trasladará o expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas e suspenderase o nomeamento ou a contratación até que recaia resolución reitoral.

## **9. ACTUACIÓN DA COMISIÓN DE RECLAMACIÓNS DE PRAZAS DE PERSOAL DOCENTE E INVESTIGADOR INTERINO E LABORAL CONTRATADO**

9.1. A Comisión de Reclamacións deberá formular a súa proposta razoada no prazo máximo de dez días hábiles desde a recepción das actuacións ou expediente administrativo do concurso.

9.2. A Comisión de Reclamacións queda validamente constituída coa metade máis un dos seus membros. Adoptará os seus acordos por maioría





e remitirá seguidamente o expediente ao reitor.

### 9.3. Competencias da Comisión de Reclamacións

1. A Comisión de Reclamacións garantirá a igualdade de oportunidades das persoas aspirantes en relación co procedemento seguido e o respecto aos principios de mérito e capacidade daquelas, sen que en ningún caso a súa actuación poida substituír as valoracións de fondo realizadas polas comisións de selección sobre a idoneidade dos/as aspirantes.

2. A Comisión de Reclamacións, para instruír o procedemento de reclamación, terá as seguintes competencias:

- a. Á vista das reclamacións poderá remitalas xunto co expediente á comisión de selección co obxecto de que emende os defectos de tramitación observados, responda todas e cada unha das alegacións presentadas e, de ser o caso, formule unha nova proposta motivada. Este acto de instrución poderá ser realizado polo/a presidente/a da Comisión de Reclamacións.
- b. Ordenar a retroacción do procedemento ao momento en que se apreciase algunha infracción do procedemento.
- c. Solicitar os asesoramentos que estime oportunos.

## 10. RESOLUCIÓN DO CONCURSO

10.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o reitor ditará resolución e atribuírle a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xulgala ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 54 da Lei 30/1992.

10.2. A resolución publicarase nos taboleiros de anuncios da Reitoría e na Vicerreitoría do Campus de Ferrol, así como na páxina web da Universidade. Esta publicación substituirá a notificación persoal aos/ás interesados/as e producirá os mesmos efectos, segundo o previsto no art. 59.6.b da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

10.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que conta desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante o/a reitor/a, no prazo dun mes, de acordo co establecido no art. 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE do 27 de novembro).

## 11. CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN

11.1. A persoa candidata á que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días hábiles no Servizo de Persoal Docente e Investigador para formalizar o nomeamento ou contrato. Se houber lugar á presentación dunha solicitude de autorización de compatibilidade, o prazo para o nomeamento ou contratación quedará automaticamente prorrogado até a súa resolución, logo de acreditar dentro de prazo a presentación da solicitude de compatibilidade.

11.2. A persoa candidata incorporarase na data de inicio que indique o seu contrato perante o/a director/a de departamento que o/a presentará ao/á decano/a ou director/a do centro. O/a director/a do departamento dará conta da incorporación á persoa titular da vicerreitoría con competencias en materia de profesorado.

11.3. No suposto de que o/a adxudicatario/a renunciase á praza, non chegase a presentarse para formalizar o contrato ou non acreditase a presentación da solicitude de autorización de compatibilidade no prazo sinalado, ou finalmente se lle denegase a dita autorización, o reitor procederá a asignar a praza ao/á seguinte concursante, segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando, de ser o caso, a apertura de novo concurso.



11.4. A persoa contratada deberá acreditar no prazo de dous anos o coñecemento da lingua propia da Universidade da Coruña. A Universidade adoptará as medidas necesarias para que os profesores contratados adquiran o coñecemento da lingua galega.

**DISPOSICIÓN DERROGATORIA**

Queda derogado a Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno do 28 de maio de 2004 e modificada nas sesións do 9 de marzo e do 28 de xuño de 2007.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA**

Este regulamento entrará en vigor ao día seguinte da súa aprobación no Consello de Goberno da Universidade da Coruña.

**ANEXO I**
**BAREMO E CRITERIOS DE VALORACIÓN PARA A SELECCIÓN DE PROFESORADO**

O baremo está organizado en seis bloques:

**I. Formación académica de grao.** Valórase a nota media das materias de licenciatura, enxeñaría, arquitectura, diplomatura e grao, os premios de finalización de estudos e outras titulacións universitarias.

**II. Formación académica de posgrao.** Valóranse os estudos de mestrado universitario ou doutoramento, a tese de doutoramento, o premio extraordinario de doutoramento, os cursos de posgrao relevantes, as bolsas predoutorais e as estadias predoutorais.

**III. Experiencia docente.** Valórase a docencia en diplomaturas, licenciaturas, enxeñarías, arquitectura, grao, en estudos de mestrado universitario e doutoramento; en centros adscritos e en niveis non universitarios. Tamén as titorías na UNED, cursos de posgrao e títulos propios impartidos por unha universidade e outras actividades docentes relevantes.

**IV. Producción investigadora.** Valóranse as publicacións en revistas de recoñecido prestixio, os libros, capítulos de libros etc., os relatorios e as comunicacións a congresos, patentes en explotación, desenvolvementos tecnolóxicos, creación de EBT, proxectos singulares arquitectónicos, urbanísticos ou de enxeñaría, exposicións de prestixio...

**V. Experiencia investigadora.** Valóranse as bolsas-contratos posdoutorais, os premios posdoutorais, as estadias posdoutorais, a dirección de traballos de investigación (preferentemente as teses de doutoramento) e proxectos de investigación e outro financiamento desta.

**VI. Experiencia profesional.** Valórase o exercicio da actividade profesional e os méritos profesionais relevantes para o perfil da praza.

A ponderación de cada un dos bloques dependerá da figura de profesorado que se quixese seleccionar.

En tantos por cento	Axudante	Axudante doutor/a	Asociado/a	Contratado/a interino/a de substitución
I. Formación académica de grao	40	15	10	15
II. Formación académica de posgrao	20	15	5	10
III. Experiencia docente	10	35	20	35
IV. Producción investigadora	15	15	5	20
V. Experiencia investigadora	15	15	5	15
VI. Experiencia profesional	0	5	55	5



No caso de prazas de profesorado contratado doutor interino ou titular de universidade interino ou aplicación da transitoria 3.<sup>a</sup> dos Estatutos utilizarase a seguinte ponderación dos bloques:

En tantos por cento	Profesorado contratado doutor interino/titular de universidade interino
I. Formación académica de grao	10
II. Formación académica de posgrao	10
III. Experiencia docente	32
IV. Produción investigadora	28
V. Experiencia investigadora	15
VI. Experiencia profesional	5

**[Nota].** Naqueles apartados do baremo en que algunha das persoas candidatas exceda do máximo autorizado procederase á normalización das puntuacións, outorgándolle a puntuación máxima autorizada a quen obtiver a maior puntuación, deducíndose para o resto das persoas aspirantes a puntuación que lles corresponder conforme a seguinte fórmula:

$$PN = (PC/PCMP) \times PMA$$

Onde:

PC = Puntuación do candidato ou da candidata

PCMP = Puntuación do candidato ou da candidata con maior puntuación

PMA = Puntuación máxima permitida do apartado

PN = Puntuación normalizada

## **BLOQUE I. FORMACIÓN ACADÉMICA DE GRAO (máximo: 100 puntos)**

### **I.1. Nota media dos estudos de diplomatura, arquitectura, enxeñaría, licenciatura ou grao (máximo: 80 puntos)**

A puntuación será o resultado de multiplicar a nota media por 8.

**[Nota]** Para a valoración dos expedientes académicos seguirase o disposto na resolución do 15 setembro de 2011 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, pola que se dispón a publicación do protocolo de colaboración suscrito entre a Consellería e as universidades de Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo para a valoración dos expedientes académicos.

Para estes efectos, para facilitar que o/a aspirante presente a nota media calculada incluíranse na web distintos tipos de declaración de nota media seguindo o establecido polo Ministerio con competencias en Educación para o cálculo das medias:

- DECLARACIÓN 1: para estudos de ciclo longo (primeiro e segundo ciclo) de plans renovados (créditos) realizados nunha mesma universidade
- DECLARACIÓN 2: para estudos de ciclo longo (primeiro e segundo ciclo) ou de primeiro ciclo de plans non renovados (materias) realizados nunha universidade
- DECLARACIÓN 3: para estudos de primeiro ciclo ou de só segundo ciclo de plans renovados (créditos)



- DECLARACIÓN 4: para estudos de primeiro ciclo máis estudos de segundo ciclo de dúas titulacións distintas ou dunha mesma titulación realizada en dúas universidades distintas de plans renovados (créditos)
- DECLARACIÓN 5: para estudos de primeiro ciclo de plan non renovado (materias) máis estudos de segundo ciclo de plan renovado (créditos), de dúas titulacións distintas ou dunha mesma titulación realizada en dúas universidades distintas
- DECLARACIÓN 6: para estudos de grao universitario
- DECLARACIÓN 7: para estudos de mestrado universitario oficial

### **I.2. Premios de terminación de estudos (máximo: 12 puntos)**

- Premio Nacional de Fin de Carreira de Educación Universitaria. Máximo: 12 puntos. (Primeiro Premio: 12 puntos; Segundo Premio: 10 puntos; Terceiro Premio: 8 puntos; Mención Especial: 6 puntos)
- Premio Extraordinario da Comunidade Autónoma de Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría, Diplomatura ou Grao: 8 puntos
- Premio Extraordinario da Universidade de Licenciatura, Arquitectura, Enxeñaría, Diplomatura ou Grao: 4 puntos

### **I.3. Outras titulacións universitarias (máximo: 8 puntos)**

Até 8 puntos por titulación, segundo a adecuación da titulación ao perfil da praza.

Este apartado refírese só a diplomaturas, arquitecturas, enxeñarías, licenciaturas e graos, as titulacións que se valoren aquí serán distintas da valorada no apartado I.1. En ningún caso se poderá valorar aquí unha titulación de ciclo curto que servise para obter unha de ciclo longo ou un grao valorado no apartado I.1.

## **BLOQUE II. FORMACIÓN ACADÉMICA DE POSGRAO (máximo: 100 puntos)**

### **II.1. Cursos de mestrado universitario e doutoramento (máximo: 20 puntos)**

Só se valorará un dos seguintes apartados:

- a) Mestrado universitario segundo o RD 56/2005 ou posterior (Máx. 8 puntos)
- b) Estudos de doutoramento segundo o RD 778/1998 (Máx. 8 puntos)
- c) Estudos de doutoramento segundo o RD 185/1985 (Máx. 8 puntos)

Se o mestrado universitario ou o programa de doutoramento tivo, no período que o cursou, a Mención cara a excelencia do MECED, entón a puntuación multiplicarase por 1,25. Para ter en conta esta valoración deberase achegar a referencia do BOE onde apareza a Resolución da Secretaría de Estado de Universidades e Investigación pola que se conceden as mencións cara á excelencia, ou un certificado expedido polo órgano competente da universidade ou autoridade competente do centro de investigación onde así conste.

O mestrado universitario ou o programa de doutoramento multiplicarase ata por 2 segundo a súa afinidade coa Área.

Para iso, a comisión vulgará se o mestrado universitario ou o programa de doutoramento trata temas que poden incluírse entre aqueles propios da Área. En particular, terá esta consideración se a Área está implicada, nunha porcentaxe relevante, na docencia do mestrado ou programa de doutoramento.



**[Nota]** Os cursos de terceiro ciclo valóranse conforme a seguinte táboa de equivalencias e sistema de cálculo:

Sobresaliente = 9

Notable = 7,5

Aprobado = 5,5

Validado = 5,5

## **II.2. Tese de doutoramento (máximo: 35 puntos)**

Valórase segundo a cualificación obtida na defensa da tese de doutoramento utilizando a seguinte equivalencia:

- Sobresaliente *cum laude*: 10 puntos
- Sobresaliente: 9 puntos
- Notable: 7,5 puntos
- Aprobado: 5,5 puntos
- Apto *cum laude*: 10 puntos
- Apto: 7,5 puntos

a) Se a tese posúe a Mención Europea ou Internacional, engadiranse dous puntos.

b) Se a tese foi distinguida co Premio Extraordinario de Doutoramento, engadiranse dous puntos.

A puntuación total anterior multiplicarase até por 2,5 segundo a súa relevancia e afinidade coa Área.

Para iso, a Comisión xulgará se o contido ou tema da tese pode incluírse entre aqueles propios da Área; tamén poderán utilizarse os descritores da tese segundo a clasificación UNESCO, tal e como aparecen na ficha TESEO das teses que se envían ao Ministerio con competencias en educación (<https://www.educacion.es/teseo/>).

## **II.3. Cursos de posgrao relevantes para a praza (máximo: 8 puntos)**

- Por mestrado universitario oficial: segundo a nota media valoraranse outros mestrados cursados distintos do que lle deu acceso ao doutoramento. Máximo 5 puntos por mestrado.
- Outros cursos de posgrao universitarios relevantes para a praza: até 0,03 puntos por cada 10 horas. Máximo: 1,5 puntos por posgrao

## **II.4. Outras accións de formación realizadas (máximo: 12 puntos)**

Consideraranse, entre outras, as seguintes accións de formación:

- Diploma oficial de coñecemento de idioma estranxeiro: até 3 puntos, dependendo do nivel que acredite (nivel básico: 1 punto; nivel intermedio: 2 puntos; nivel avanzado: 3 puntos).
- Coñecemento da lingua propia de Galicia: até 3 puntos, dependendo do nivel que acredite.
- Cursos de formación docente universitaria: até 0,25 puntos por cada 10 horas.

## **II.5. Bolsas predoutorais (máximo: 16 puntos)**

- Bolsas-contratos predoutorais da UDC, da Xunta de Galicia, FPU, FPI e homologables (ao Estatuto do Persoal Investigador en Formación (RD 63/2006, do 27 de xaneiro) (é dicir, equivalentes pola súa similar contía, duración, procesos de selección e renovación e natureza): 2 puntos por ano, se está relacionada coa área: 4 puntos por ano se é na área.
- Bolsas e bolsas-contratos predoutorais non homologables ás anteriores, convocadas por entidades ou centros de investigación públicos ou privados en réxime de publicidade, obxectividade e concorrencia competitiva: 1 punto por ano se está relacionada coa área: 2 puntos por ano se é na área.

- Bolsas de colaboración para a investigación con cargo a proxectos de investigación: 0,5 puntos por ano se está relacionada coa área; se o proxecto está na área: 1 punto por ano.
- Outras bolsas para as que sexa necesario título universitario (máximo 2 puntos): hasta 0,25 puntos por ano.

Se a duración dunha bolsa ou contrato é inferior a un ano aplicarase a parte proporcional da puntuación.

[Nota] Para a valoración dunha bolsa ou bolsa-contrato, presentarase a convocatoria desta e un certificado do período efectivo de goce por parte do organismo ou centro que a concede, ou polo órgano competente da reitoría da universidade de desenvolvemento desta ou autoridade competente do centro de investigación de acollida.

## **II.6. Estadías predoutorais (máximo: 9 puntos)**

Valoraranse as de carácter investigador e/ou formativo, en centros de investigación de recoñecido prestixio, propio da área ou afín, que teñan unha duración mínima de dúas semanas (realizadas de forma continua). A puntuación dependerá da duración: 0,0625 puntos por semana.

No suposto de prazas de axudante doutor, a puntuación final dos candidatos multiplicarase por 2 dado que segundo o disposto no artigo 50 da LOM-LOU, será mérito preferente a estadía do candidato en universidades ou centros de investigación de recoñecido prestixio, españois ou estranxeiros, distintos da universidade que leve a cabo a contratación.

[Nota] Para valorar unha estadía terá que estar contratado ou ser bolseiro nalgún centro universitario ou de investigación superior. Para acreditar a estadía presentarase o permiso oficial do centro de orixe, a invitación do centro receptor e a certificación deste sobre a realización da estadía e a súa duración.

## **BLOQUE III. EXPERIENCIA DOCENTE (Máximo 100 puntos)**

En todos os apartados deste bloque, a experiencia desenvolvida en universidades privadas e centros adscritos valorarase co 50% da puntuación que figure en cada apartado.

### **III.1. Docencia universitaria oficial (máximo: 70 puntos)**

Profesores con dedicación a tempo completo, 6 puntos por ano

Profesores con dedicación a tempo parcial, por cada hora impartida 0,02 puntos

Os bolseiros e contratados de investigación computarán 0,05 puntos por hora impartida en POD.

No caso dos bolseiros e profesores a tempo parcial computaranse como máximo as horas recollidas no seu contrato/convocatoria.

### **III.2. Dirección de traballos de fin de grao e de mestrado (máximo: 7,5 puntos)**

Valoraranse con 0,5 puntos por traballo defendido. No caso de co-tutorización 0,25 puntos.

### **III.3. Titorías na UNED e noutras universidades de educación a distancia (máximo: 1,5 p.)**

Por cada titoría e curso completo: 0,025 p. Se é na área: 0,05 p.

### **III.4. Docencia en ensinanzas regradas en niveles non universitarios (máximo: 3 p.)**

Computaranse 0,5 p. por ano con dedicación a tempo completo. Se a duración do contrato é inferior a un ano ou a dedicación é a tempo parcial, aplicarase a parte proporcional.

Só se computarán períodos de docencia cunha duración mínima de tres meses continuados.

### **III.5. Preparación de materiais docentes universitarios (máximo: 4 puntos)**

- Por cada manual docente con ISBN (para materias de grao ou mestrado): até 2 puntos
- Material dixital sometido a OCW ou similar (amparado por unha convocatoria): até 0,5 puntos

[Nota] As puntuacións dos apartados III.1 a III.6 poderán multiplicarse por un coeficiente entre 0 e 1 segundo a súa afinidade á área.

### III.6. Valoración do último período sometido a Docencia (máximo: 9 puntos)

Sobresaliente/moi favorable: 9 puntos

Notable: 7 puntos

Apto/favorable: 5 puntos

### III. 7 Outros méritos docentes (máximo: 5 puntos)

Docencia regrada noutras institucións universitarias, teses de licenciatura, titorización DEA, materias/seminarios de libre elección non incluídas no plan de estudos, formar parte de grupos departamentais de calidade etc.

## BLOQUE IV. PRODUCCIÓN INVESTIGADORA (máximo 100 puntos)

### IV.1. Contribucións de relevancia científica relacionadas coa Área presentadas en congresos, conferencias, xornadas e outros tipos de reunións

Terase en conta o carácter internacional ou non e o tipo de participación (conferencia plenaria, comunicación oral ou póster). Enténdese por congreso internacional aquel organizado por unha asociación internacional e en que tanto o comité científico como o cadro de conferenciantes está formado por investigadores de, polo menos, tres países.

	Conferencia plenaria	Comunicación oral	Póster
Congreso/xornada/etc. internacional	0,5	0,25	0,1
Congreso/xornada/etc. nacional	0,3	0,15	0,05

A conferencia, comunicación ou póster que fose premiado no correspondente congreso/xornada/etc. será valorado co dobre da puntuación sinalada.

Á puntuación anterior aplicaráselle un coeficiente modulador entre 0 e 1,5 co que poderá recoller a afinidade, número de autores e outros.

[Nota] Terase en conta o seguinte:

\* Non se poderá obter máis de 1 punto por todas as contribucións nun único congreso ou reunión científica.

\* Para valorar os pósteres e comunicacións orais presentarase a copia do texto e a certificación do comité organizador do congreso que acredite a exposición/comunicación deste.

\* Para valorar as conferencias plenarias presentarase a copia do texto e a documentación que acredite a participación no congreso.

### IV.2 Artigos de investigación en revistas periódicas

Valoraranse as publicacións científicas con proceso anónimo de revisión por pares, preferentemente as achegas que sexan artigos científicos en revistas de especialización científica e de prestixio recoñecido, aceptándose como tales as que ocupen posicións relevantes no "Subject Category Listing" do "Journal Citation Reports" (JCR), en calquera das súas edicións temáticas: Science Citation Index (SCI), Social Sciences Citation Index (SSCI) e Arts and Humanities Citation Index (AHCI).

A valoración de cada artigo orixinal, segundo onde apareza a revista será a seguinte:

JCR (Journal Citation Reports)	<a href="http://thomsonreuters.com/products_services/science/science_products/az/journal_citation_reports/">http://thomsonreuters.com/products_services/science/science_products/az/journal_citation_reports/</a>	3 puntos
ERIH (European Reference Index for the Humanities)	<a href="http://www.esf.org/research-areas/humanities/erih-european-reference-index-for-the-humanities.html">http://www.esf.org/research-areas/humanities/erih-european-reference-index-for-the-humanities.html</a>	1,5 puntos
SJR (Scimago Journal Rank)	<a href="http://www.scimagojr.com/journalrank.php">http://www.scimagojr.com/journalrank.php</a>	1,5 puntos
CORE (Computing Research and Education Association)	<a href="http://core.edu.au/index.php/categories/conference%20rankings/">http://core.edu.au/index.php/categories/conference%20rankings/;</a> <a href="http://core.edu.au/index.php/categories/journals/">http://core.edu.au/index.php/categories/journals/</a>	1,5 puntos
Catálogo de Latindex	<a href="http://www.latindex.org/">http://www.latindex.org/</a>	1,5 puntos
IN-RECJ (Revistas Españolas de Ciencias Xurídicas)	<a href="http://ec3.ugr.es/in-recj/">http://ec3.ugr.es/in-recj/</a>	1,5 puntos
IN-RECS (Revistas Españolas de Ciencias Sociais)	<a href="http://ec3.ugr.es/in-recs/">http://ec3.ugr.es/in-recs/</a>	1,0 punto
DICE (Difusión e Calidade Editorial das Revistas Españolas de Humanidades e Ciencias Sociais e Xurídicas)		1,0 punto
Noutras revistas científicas: até 0,25 puntos por traballo e máximo 2 puntos		

A cada artigo orixinal, a comisión aplicaralle un coeficiente multiplicador entre 0 e 3 segundo a súa relación coa Área, o número de autores asinantes, a posición ou categoría da revista etc



**[Nota].** Para a posición ou categoría da revista terase en conta:

<b>(a) Para publicacións que aparecen en JCR, SJR, IN-RECS, IN-RECJ:</b>
Primeiro cuartil; Segundo cuartil; Terceiro cuartil; Cuarto cuartil
<b>(b) Para publicacións que aparecen en ERIH:</b>
Categoría A; Categoría B; Categoría C
<b>(c) Para publicación que aparecen en CORE:</b>
Categoría A*; Categoría A; Categoría B; Categoría C
<b>(d) Para revistas que aparecen no Catálogo de Latindex:</b>
Polo menos 32 criterios; Polo menos 29 criterios; Polo menos 26 criterios
<b>(e) Para revistas que aparecen en DICE: segundo a súa difusión (presenza en bases de datos)</b>
Visibilidade Alta; Visibilidade Media; Visibilidade Baixa
<b>Segundo a súa categoría ANEP</b>
Categoría A o A+; Categoría B; Categoría C ou sen categoría

Para valorar os artigos de investigación presentárase a publicación ou fotocopia destes (en volume ou separata) de cada un deles. Se o traballo non está publicado pero está aceptado, será suficiente a carta de aceptación e a copia do traballo. Quedan expresamente excluídos da valoración neste apartado os traballos contidos nas actas de congresos.

#### **IV.3. Os traballos publicados en actas de congresos que posúan un sistema de revisión por pares e as actas sexan vehículo de difusión do coñecemento comparable a revistas relevantes JCR**

Mesma puntuación que as publicacións incluídas en JCR. A comisión multiplicará por un coeficiente entre 0 e 3 cada orixinal segundo a súa relación coa Área, número de autores asinantes, posición ou categoría do congreso etc.

Este mérito limitarase a áreas de coñecemento do campo das enxeñarías da Comunicación, Computación e Electrónica.

Non se incluírán pósteres nin *workshops*.

#### **IV.4. Libros, capítulos de libros, traducións etc. relacionados coa área**

